



En relación coa solicitude de conversión de consorcio a convenio do monte "Framia" integrado por 20 has procedentes do consorcio "Sobreiro" OR-3084, da pertenza dos veciños de Framia, Concello de Beariz (Ourense), de data 18 de xuño de 2007 conforme ao acordo da asemblea xeral da Comunidade celebrada en data 5 de xuño de 2007, infórmolle o seguinte:

## ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Que, o 30 de novembro de 1976 o xurado provincial de montes veciñais en man común da Provincia de Ourense, tomou o acordo de clasificar como veciñal en man común o monte denominado "Framia", da pertenza dos veciños de Framia no concello de Beariz da provincia de Ourense.

2º.- Que o consorcio "Sobreiro" OR-3084 foi realizado polo Patrimonio Forestal do Estado no ano 1961. Posúe na actualidade unha superficie de 125 has das que 20 has pertencen a comunidade de Framia.

3º.- Que o convenio que se propón quedaría integrado por 20 has, provenientes do consorcio OR-3084 do que se fai a súa segunda segregación.

4º.- Que segundo as bases do convenio polo que se pretende transformar o consorcio OR-3084 a Consellaría aportaría a esta modificación de contrato a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizarase en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.

5º.- Que a duración do presente convenio asinarase por un período de 70 anos mais segundo o cuarto parágrafo da décima cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

6º- Que segundo as contas do consorcio OR-3084 o monte "Framia" presenta unha débeda de 4.940,79 € saldo co que se abrirá a nova conta do convenio.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Por todo isto,

**PROPOÑEMOS:**

1º. - Que se apruebe o convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Framia

Número de elenco: 321-55277

Superficie: 20 ha.

Pertenza: Comunidade de veciños de Framia

Concello: Beariz

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Interese sobre ou anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da consellería no voo: 30%

Saldo inicial da conta do novo convenio: **4.940,79 € a favor da Xunta de Galicia**

2º.- Que o consorcio OR-3084 "Sobreiro" pase a ter as seguintes características:

Nome: Sobreiro

Número de elenco: OR-3084

Superficie: 105 has (50 de Correa e 55 de Ricovanca)

Pertenza: Comunidade de veciños de Correa e Ricovanca

Concello: Beariz

A restar da súa conta de gastos: 4.604,40 €

A restar da súa conta de ingresos: 215,45 €

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2008

**O Director Xeral de Montes e Industrias Forestais**



Alberte Blanco Casal

---

Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-  
Santiago de Compostela.-



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Asesoría Xurídica Xeral

**ASUNTO : PROPOSTA DE ACORDO DE CONVERSIÓN PARCIAL ( 20 HAS. )  
DO CONSORCIO “SOBREIRO”, OR-3084, SUSCRITO NO ANO 1961 ENTRE  
A ADMINISTRACIÓN FORESTAL DO ESTADO E O CONCELLO DE  
BEARIZ ( OURENSE ) EN MATERIA DE FOMENTO DA PRODUCCIÓN  
FORESTAL, EN CONVENIO A SUSCRIBIR ENTRE A CONSELLERÍA DO  
MEDIO RURAL E A COMUNIDADE PROPIETARIA DO MONTE “FRAMIA”,  
SITO NO REFERIDO CONCELLO.**

Vista a proposta de referencia formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais con data do 15 de setembro dos correntes,, acreditado no expediente a calificación no seu día do monte “Framia” como Monte Veciñal en Mán Común, a súa superficie e lindeiros; visto o acordo, de data do 5 de xuño de 2007, da Asamblea da comunidade propietaria do mesmo polo que se expresa a vontade de acceder á modificación que se propón; e o texto do convenio a suscribir; vista a Disposición Adicional Primeira da Lei 43 / 2003, do 21 de novembro, de Montes, e a Disposición Adicional Segunda da Lei de Galicia 13 /1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Mán Común; esta Asesoría Xurídica, non encontrando obstáculo xurídico formal que o impida, **informaa favorablemente.**

Devólvense, **visados de conformidade**, o texto da proposta de acordo e do texto do convenio de referencia..

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2008.

O Letrado da Xunta de Galicia

Asdo. Pablo Figueroa Dorrego





## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo - San Lázaro - SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA

## C O N V E N I O

N.º	321	55277
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a.....de.....de douce mil.....

## R E U N I D O S

Dunha banda, D....Alfredo Suárez Canal....., Conselleiro  
do Medio Rural, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D....Manuel Ramos Cendón..... como representante  
da comunidade propietaria do monte veciñal en man comú...Framia.(Beariz)  
....., segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

## E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establecéase ao abeiro do previsto na Lei 13/89, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o Regulamento da Lei 5/1977 de fomento da produción forestal, modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia, e sempre e cando non se contradiga a Lei 43/2003 do 21 de novembro, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

## 1º.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do.....ano 1961.(OR - 3084. "Sobreiro).

para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.º, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos ainda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2º.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertenzen a .....Comunidade de Veciños de Framia.....

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Monte de Farmia

Termo municipal: Beariz

Provincia: Ourense

C.M.V.M.C. - 2

Límites:

N.: Mais M.V.M.C. de Framia

S.: M.V.M.C de Correa (Convenio 321/55272)

L.: Mais M.V.M.C. de Framia

O.: M.V.M.C Serra e Seixo de Ricovanca

Superficie: 20 ha

Estado forestal: P. sylvestris e P. pinaster de distintas idades

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: Servidumes: As usuais de paso

3º.- O chan continuará pertencendo a á comunidade de veciños de Framia

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4º.- A Consellería do Medio Rural aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5º.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería do Medio Rural, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicáráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR - 3084 (20 ha)

6º.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería do Medio Rural .

7º.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.º, apartado b), o \_\_\_\_\_ 30 \_\_\_\_\_ por cento será para a Consellería do Medio Rural , e o \_\_\_\_\_ 70 \_\_\_\_\_ por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería do Medio Rural recibirá o \_\_\_\_\_ por cento, e a comunidade propietaria, o \_\_\_\_\_ por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería do Medio Rural excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregaráse o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8º.- En caso de incendio, a Consellería do Medio Rural procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9º.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamiento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería do Medio Rural , figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería do Medio Rural asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10º.- A duración deste convenio será por un período de \_\_\_\_\_ 70 \_\_\_\_\_ anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería do Medio Rural , coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula séptima, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automáticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular. do Medio Rural

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería do Medio Rural se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalguna das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería do Medio Rural do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11º.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construccions, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería do Medio Rural , se esta o precisar.

12º.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. sylvestris e P. pinaster

---

13º.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería do Medio Rural Interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don Luis Miguel Segovia García \_\_\_\_\_, encargado  
da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

**CERTIFICO:**

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "Monte de Framia" (Beariz)

2.—Que, así mesmo, figura Don Manuel Ramos Cendón \_\_\_\_\_, e  
Don María Plazuelo Ramos \_\_\_\_\_, como presidente e secretario,  
respectivamente, da xunta rectora, deixa 07 - 01 - 2009

E para que conste, expido a presente certificación Ourense  
a 18 de agosto de 2008.

Don María Plazuelo Ramos \_\_\_\_\_, Secretario  
de comunidade de veciños de Framia

**C E R T I F I C O :** Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta  
comunidade, cumpléndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o  
día 05 - 06 - 2007 estando designado  
Don Manuel Ramos Cendón

representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en BEZAL


a 31 de AGOSTO.....dous mil.....

O SECRETARIO,

Visto e prace,

  
o presidente

Asdo. : Manuel Ramos Cendón

  
María Plazuelo Ramos

Asdo. : María Plazuelo Ramos

Don Alberte Blanco Casal \_\_\_\_\_, Director  
Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, dá a súa con-  
formidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

  
Asdo.: Manuel Ramos Cendón



Pola Consellería do Medio Rural